



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da ETSE Minas do 1 de xullo de 2016

Anexos:

- I. Convocatoria do CGC do 01/07/2016.
- II. Asistentes á CGC do 01/07/2016.
- III. MC-02: Xestión de queixas, suxestións e parabéns 14-15.
- IV. Guías docentes das materias dos graos en ERME e en EE.
- V. Evidencias do PAT do curso 2015-2016.

Ábrese a sesión ás 10 horas e 8 minutos, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da ETSE de Minas, presidida pola Presidenta, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 20 de xuño de 2016.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGC.

Apróbase por asentimento a acta da sesión ordinaria celebrada o 20 de xuño de 2016.

Unha vez aprobada será publicada definitivamente na sección de DESCARGAS/DOCUMENTOS SGIC/ACTAS de acceso libre da web do centro, por exemplo en galego:

<http://etseminas.webs.uvigo.es/cms/index.php?aid=708>

2. Informe da Presidenta.

- Realizouse unha consulta á Área de Calidade da Universidade de Vigo para coñecer cales serían os pasos necesarios para presentar unha reclamación respecto dos informe definitivos das acreditacións dos graos da ETSEM.

Debido ao descontento xeral expresado polos Centros avaliados no proceso de acreditación, Dirección da Área de Apoio á Docencia e Calidade, Don Xosé M^a Gómez Clemente, e a Vicerreitora de Organización académica y profesorado, Dona Ana María Graña Rodríguez, terán unha reunión institucional cos responsables da ACSUG para coñecer os criterios de avaliación e os procedementos seguidos polas distintas comisións.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



Aínda que a esta reunión non asistirán representantes dos Centros, comprométese a levar e entregar os escritos que se consideren oportunos. A presidenta da CGC redactará un escrito coas queixas e consideracións referidas ao proceso de acreditación dos graos en ERME e EE da Escola que será presentado na próxima Comisión de Garantía de Calidade para a súa aprobación, antes de ser entregado ao Dirección da Área de Apoio á Docencia e Calidade.

➤ Sobre a existencia do documento, denominado “Hoja de presentación de curso”, que os alumnos matriculados na materia “Tecnoloxía ambiental” deben asinar e entregar ao profesor responsable durante os primeiros días de docencia da referida materia, consultouse á Asesoría Xurídica os seguinte puntos:

- Pode existir un sistema de calidade propio dunha área?
- Posto que as guías docentes das materias teñen carácter de contrato, pódese facer asinar aos alumnos un documento nos termos nos que a “Hoja de presentación de curso” está expresada?

3. Estado das evidencias do procedemento MC-02: Xestión de queixas, suxestións e parabéns 14-15.

Faise unha revisión das queixas, suxestións e parabéns correspondentes ao curso 2014-15 (Anexo III). Todas as queixas foron solucionadas, excepto unha. A queixa referida á materia “Tecnoloxía ambiental” atópase pendente de resolución de expediente.

Por outra banda, o Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente tratou as queixas referidas a esta mesma materia e correspondentes ao curso 2015-16. A resolución foi que se detectaron irregularidades aínda que se é incapaz de precisar se as reclamacións son obxecto de medidas posteriores. Trasladáronse as queixas á Secretaría Xeral.

4. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na E.T.S.E. de Minas para o curso 2016-2017.

Tras a revisión das guías docentes das titulacións impartidas na Escola (Anexos IV e V) chégase aos seguintes acordos:

- Algunhas materias inclúen un parágrafo de compromiso ético. Como fora sinalado nun escrito anterior, recibido desde a Asesoría Xurídica, non procede consignar nunha guía docente apartados deste tipo. Por esta razón eliminaranse das guías e informarase aos profesores responsables destas materias dos cambios realizados antes da presentación das guías para aprobación na próxima Xunta de Escola.
- Na materia de Informática: Estatística as competencias de informática, tal como quedou reflectido durante o proceso de acreditación dos graos, non se cumpren. Decídese manter os contidos de informática nos mesmos termos nos que estiveron estes últimos cursos e decídese que a solución definitiva tomarase cando se modifique a memoria dos graos.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



- A guía da materia “Instalacións de enerxías renovables” está escrita en castelán, negándose o profesor responsable a redactala en galego. Decídese solicitar novamente ao profesor responsable a tradución da guía, indicando así mesmo que de non facelo esta comisión considerará que a guía non foi debidamente elaborada e por tanto será motivo dunha incidencia nas obrigas do profesorado, como se reflicte non procedemento de Seguimento de Obrigas Docentes da Escola.
- A guía da materia “Tecnoloxía ambiental” presenta varias irregularidades. Decídese refacer distintos apartados da guía. Informarase ao profesor responsable dos cambios realizados antes da súa presentación para aprobación na próxima Xunta de Escola.
- Advírtense outros erros de tipo menor que serán emendados ou ben directamente polos coordinadores dos graos ou ben mediante comunicación cos profesores responsables.

5. Tramitación, se procede, das queixas recollidas no Plan de Acción Titorial do curso 2015-2016.

Revisadas as evidencias recollidas mediante o Plan de Acción Titorial durante o curso 2015-16 (Anexo VI), tómanse os seguintes acordos:

➤ Rexistráronse queixas referidas ás materias seguintes:

- Electrotecnia; 2º dous graos
- Tecnoloxía ambiental; 2º dous graos
- Tecnoloxía frigorífica e climatización; 4ºEE
- Enxeñaría mecánica; 2º dous graos
- Enerxías alternativas fluidodinámicas, 4º EE
- Dirección e Xestión; 1º dous graos
- Instalacións de enerxías renovables; 3º EE

A CGC enviará cartas aos docentes destas materias dándolles a coñecer o contido das queixas.

➤ Rexistráronse durante tres cursos consecutivos queixas referentes ás seguintes materias:

- Tecnoloxía ambiental; 2º dous graos
- Enxeñaría mecánica; 2º dous graos

Posto que fan referencia aos mesmos docentes e sendo o contido das queixas similar durante estes tres cursos, a CGC decide redactar unha queixa mediante o procedemento de queixas, suxestións e parabéns da Escola.

6. Rogos e Preguntas.



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924
[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 15 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a un de xullo de dous mil dezaseis.

Vº e Prace

A Presidenta

Natalia Caparrini Marín

A Secretaria

Ángeles Saavedra González



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



Dilixencia para facer constar que, segundo se aprobou na Comisión de Garantía de Calidade ordinaria do 6 de xullo de 2016, esta acta correspondente á sesión celebrada o día 1 de xullo de 2016 modifícase no punto da orde do día no que se refire á aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na E.T.S.E. de Minas para o curso 2016-2017, e :

- Onde di “Anexos IV e V”, debe dicir “Anexo IV”.
- Onde di “Anexo VI”, debe dicir “Anexo V”.
- Engádese ao final do punto: “**A Comisión de Garantía de Calidade aproba por asentimento as guías docentes das titulacións impartidas na E.T.S.E. de Minas para o curso 2016-2017 coas modificacións propostas.**”

Vigo, 7 de xullo de 2016

A Secretaria

Ángeles Saavedra González



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



ANEXO I

Convocatoria da CGC do 01/07/2016



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



Por orde da presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da ETSE de Minas a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 1 de xullo de 2016 na Sala de Xuntas do módulo de dirección da ETSE de Minas ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 20 de xuño de 2016.
2. Informe da Presidenta.
3. Estado das evidencias do procedemento MC-02: Xestión de queixas, suxestións e parabéns 14-15:
4. Aprobación, se procede, das guías docentes das titulacións impartidas na E.T.S.E. de Minas para o curso 2016-2017.
5. Tramitación, se procede, das queixas recollidas no Plan de Acción Titorial do curso 2015-2016.
6. Rogos e Preguntas.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



ANEXO II

Asistentes á CGC do 01/07/2016.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>

xnaxm@uvigo.es



Asistentes á Comisión de Garantía de Calidade	
do 1 de xullo de 2016	
Ángeles Saavedra González	Secretaria
Carmen Pérez Pérez	Coordinadora Grao ERME
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Elena Alonso Prieto	Calidade Máster EM
Higinio González Jorge	Calidade Máster XI
Luisa Álvarez Zaragoza	Representante dos Egresados
M ^a Carmen Romo Pérez	Administrador/a do centro
Marcos González Bello	Representante do Alumnado
Natalia Caparrini Marín	Presidenta
Teresa Rivas Brea	Igualdade
Escusan a súa ausencia	
Benito Vázquez Dorrío	Representante do PDI
Diego López González	Representante da Sociedade
Raquel Gandón Chapela	Representante da UTC

Acude como invitada a profesora María Araújo Fernández.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



ANEXO III

MC-02: Xestión de queixas, suxestións e parabéns 14-15.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



ANEXO IV

Guías docentes das materias dos graos en ERME e en EE.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

[http://etseminas.uvigo.es/
xnaxm@uvigo.es](http://etseminas.uvigo.es/xnaxm@uvigo.es)



ANEXO V

Evidencias do PAT do curso 2015-2016.